

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Valdoviño, 4 de febreiro de 2021. Hora: 20:14

Lugar: Edificio Casa da Cultura de Valdoviño

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria de carácter mensual, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Ana Belén Pérez Fernández (sistema videoconferencia)

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Javier Bouzamayor Casas

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Disculpa a inasistencia o concelleiro Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG).

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro (videoconferencia) e do interventor Manuel Larrosa Rodríguez.

Utilización do sistema de videoconferencia e celebración da sesión no edificio Casa Cultura por razóns de Covid-19; i en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia, establecidas de acordo cos decretos 178/20 e 179/20 da Presidencia da Xunta de Galicia e na Orde de 4.11.20 da Consellería de Sanidade.

Abre a sesión o Presidente, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 14.01.21 (ORDINARIA).-

En votación ordinaria e unanimidade dos presentes, o borrador da acta mencionado quedou aprobado polo Pleno.

Fóra da Orde do día o Pleno por unanimidade dos presentes ratifica a urxenza pola necesidade de ter resolto os permisos de actividades cara á vindeira tempada de verán e inclúese o seguinte punto:

.- APROBACIÓN DAS BASES “CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA A ADXUDICACIÓN DOS PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A TEMPADA 2021”.-

Proposta de Alcaldía:

As actividades deportivas e turísticas na praia, coma a práctica dos deportes acuáticos, vincúlase á necesidade de manter a seguridade así coma garantir o uso libre e gratuito.

Nos últimos anos o desenvolvemento dos deportes vinculados á praia, en especial o surf, teñen unha forte repercusión e incidencia nas nosas praias, porén o Concello de Valdoviño debe de regular a ocupación da proia praia para que a incidencia sobre o baño libre e a seguridade sexan ás máis axeitadas.

Tendo solicitado o Concello á Demarcación de Costas do Estado en Galicia a xestión conxunta de tódolos areas do concello dos servizos de tempada situadas nas zonas de dominio público marítimo terrestre de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 22/88, do 28 de xullo, de Costas.

Examinada a documentación obrante no expediente; esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de “condicións económico-administrativas para a adxudicación dos permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello de Valdoviño para a tempada 2021”.

SEGUNDO.- Publicar o anuncio das bases “condicións económico-administrativas para a adxudicación dos permisos para a actividade de escolas de surf e similares nas praias do Concello de Valdoviño para a tempada 2021 no DOG, así coma no taboleiro e na web do Concello de Valdoviño.

Valdoviño, a 4 de febreiro de 2021.

O alcalde

Alberto González Fernández”.

DEBATE

Comeza o sr. alcalde explicando o contido, requisitos, necesidades e puntuación previstas nas bases, dado que a idea é ter oito escolas en Pantín e quince en todo o termo municipal; sinala que a Demarcación de Costas para o ano que ven vai variar as condicións e non vai ser unha actividade estacional senón económica.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía anteriormente reproducida e as bases indicadas que constan no correspondente expediente.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2020.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de decembro de 2020, que comprenden do número 502 ao 554 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións de Alcaldía.

Aberto turno intervencións a Sra. Veiga Doce pregunta por unha resolución relativa a unha demolición; ao que resposta o Sr. Alcalde que tratase do cumprimento dunha demolición dunha pequena nave en concentración parcelaria.

Acto seguido o Sr. Bouzamayor Casas pregunta polo cambio de categoría “Explanada” de Café-Bar a Bar, ao que resposta o alcalde que é por cuestións de operatividade, en concreto para poder ofrecer o menú do día.

Seguidamente o Sr. Bouzamayor Casas pregunta por unha resolución que fai referencia a unha carteira que se extraviou; ao que resposta o Sr. alcalde que foi un extravío de fai varios anos con bastantes cartos. Pasado o tempo foi localizado o dono e pediu o reintegro.

Finalmente o Sr. Bouzamayor Casas pregunta por unha resolución referente a facturas que pide a SGAE; ao que resposta o Sr. alcalde que fai referencia a petición da SGAE polas posibles actividades que se desenrolan no Concello, se ben cando veñen artistas ou autores eles son quen fan o abono directamente á SGAE.

Inclúese na Orde do Día por razón de urxenza aprobada por unanimidade dos concelleiros/as presentes o seguinte punto; pola conveniencia de dar conta e ter informado ao Pleno dos diversos asuntos dentro dos prazos.

.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO, DURANTE O 4º TRIMESTRE DO ANO 2020.-

Dáse conta ao Pleno do informe da tesoureiría municipal sobre cumprimento prazos para o pago das obrigas do Concello, previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 4º trimestre de 2020, no que se especifica unha morosidade de 13,07 días.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, comeza a Sra. Veiga Doce preguntando pola situación do campo de fútbol de Mourente, ao que resposta o Sr. García Sousa que estase coa tramitación administrativa e pendente dun informe do director de obra, non podendo agora mesmo concretar máis.

Seguidamente o Sr. Bouzamayor Casas pregunta se hai un proxecto para a estación de radio; ao que resposta o Sr. alcalde que sí. Se traballa coa Xunta, Ministerio de Defensa, Deputación e Concello de Narón.

Toma a palabra a Sra. Testa Ameneiros preguntando polo estado do contrato do lixo. Informa o sr. alcalde de que estase rematando a redacción dos pregos e ultimando a licitación.

Seguidamente a Sra. Testa Ameneiros, pregunta se é provisional a prohibición de aparcamento na marxe esquerda da Porta do Sol, ao que resposta o Sr. alcalde que coa situación actual do Covid-19, de momento está así.

O Sr. Bouzamayor Casas pregunta por gratificacións pois xente dos tractoristas levaron para o SAF camas, ao que resposta o Sr. Vega Fernández matizando que dito traballo foi puntual e en horario normal de traballo.

Continúa o Sr. alcalde quen matiza que tratase de operarios os que fixeron dita labor e a RPT determina claramente as función dos mesmos.

Novamente a Sra. Testa Ameneiros pregunta polo peche dos parques infantís; ao que resposta o Sr. Alcalde que foi un acordo adoptado unánimemente polos concellos integrantes da Mancomunidade agás o de Mugardos, onde a función de desinfección llo fai o GES.

A continuación o Sr. Bouzamayor Casas pregunta se a asesora da Alcaldía xa está traballando; ao que resposta o Sr. Alcalde que sí, que leva meses.

Finalmente o Sr. Bouzamayor fai o seguinte rogo que foi presentado por escrito:

“ROGO

Dadas las circunstancias actuales que estamos viviendo motivado por la pandemia y la declaración por parte del gobierno de España y las comunidades autónomas del estado de alarma para la gestión de la crisis sanitaria ocasionada por el COVID 19.

El Ayuntamiento de Valdoviño está adherido al fondo PEL-REACTIVA puesto en marcha por la Diputación Provincial para financiar la reactivación económica y social de la provincia.

La finalidad de estas ayudas es facilitar medios a las microempresas y personas trabajadoras por cuenta propia o autónomas de los municipios adheridos al fondo de financiamiento, para hacer frente a las consecuencias derivadas de la crisis motivada por el COVID-19, contribuir a la recuperación y viabilidad en el nuevo contexto socioeconómico.

Comprobado que los fondos habilitados para financiación del PEL-REACTIVA por parte del Ayuntamiento de Valdoviño, no alcanza a todas las empresas que tiene su domicilio fiscal en nuestro municipio.

Rogamos:

Que por parte del Ayuntamiento de Valdoviño habilite más fondos para que ninguna de las empresas o autónomos de este municipio se quede sin poder optar a las ayudas de financiación promovidas por la Diputación y el propio Ayuntamiento de Valdoviño (PEL-REACTIVA) dadas las circunstancias sociales y económicas que estamos viviendo en nuestro municipio por la alarma sanitaria.

Valdoviño, 3 de febrero de 2021.

Portavoz del Partido Popular de Valdoviño- Jorge Bouzamayor Casas.

Sr. Alcalde de Ayuntamiento de Valdoviño- Alberto González Fernández”.

Resposta o Sr. alcalde que a él persoalmente nunca lle gustaron as bases que viñeron aprobadas da Deputación. Expón que o expediente aínda non está rematado e logo se non se xustifica, dita cantidade que queda por xustificar, redistribuese. O importe é a sede fiscal, non a sede social, e considera que debería haber sido o Estado e a Xunta de Galicia quenes fixeran isto.

Considera que os que quedan fóra están con actividade e por conseguinte non pecharon.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, a sesión queda levantada polo Alcalde-Presidente; e estendese a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO.

Documento asinado dixital pola secretaria municipal e polo alcalde

